

# Actividades 2011

As actividades realizadas durante o ano 2011 por ADISBISMUR foron as seguintes:

## 1.- Información e Asesoramento a Persoas con Discapacidade

Ten como obxectivo dar resposta as necesidades das persoas con discapacidade , ás súas familias , aos profesionais implicados nos temas da discapacidade, e a entidades públicas e privadas. Durante o ano 2011 beneficiáronse deste servizo un total de 120 persoas, que acudiron as oficinas de ADISBISMUR. Aparte destas consultas presenciais, atendéronse un total de 220 consultas telefónicas

### Consultas por Concellos

CONCELLOS OS QUE PERTENCEN

ANO 2011

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOTAL
<b>MUROS</b>	10	12	17	5	11	9	3	5	4	3		3	82
<b>OUTES</b>	3	8	2		2	1					3		19
<b>CARNOTA</b>		2	3		2		1			1	2	1	12
<b>MAZARICOS</b>	1		1	1					2				4
<b>NOIA</b>	1				1					1			3
<b>OUTROS</b>													
<b>TOTAL</b>	15	22	23	5	16	10	4	5	6	5	5	4	120

## Consultas por Sexos

	<b>MULLERES</b>	<b>HOMES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>XANEIRO</b>	12	3	15
<b>FEBREIRO</b>	8	14	22
<b>MARZO</b>	10	13	23
<b>ABRIL</b>	2	3	5
<b>MAIO</b>	8	8	16
<b>XUÑO</b>	6	4	10
<b>XULLO</b>	2	2	4
<b>AGOSTO</b>	5	0	5
<b>SETEMBRO</b>	4	2	6
<b>OUTUBRO</b>	3	2	5
<b>NOVEMBRO</b>	1	4	5
<b>DECEMBRO</b>	3	1	4
<b>TOTAL</b>	64	56	120

**POR TIPO DE DISCAPACIDADE ANO 2011**

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	TOT
<b>FISICA</b>	4	5	1	1	1	3	2	2		2	1		22
<b>PSIQUICA</b>	2	1	1							2		3	9
<b>SENSORIAL</b>	1		2				1	3	1	1	3		12
<b>MIXTA</b>	3		9	2	5	5							24
<b>MENTAL</b>									5		1	1	7
<b>NINGUNHA</b>	5	16	10	2	10	2	1						46
<b>TOTAL</b>	15	22	23	5	16	10	4	5	6	5	5	4	120

POR VIA ANO 2011

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC	TOTAL
Persoal	9	10	5	5	14	10	4	3		1	1	2	64
Telefónica	6	12	18		2			2	6	4	4	2	56
Correo electrónico													
Outras													
<b>Total</b>	<b>15</b>	<b>22</b>	<b>23</b>	<b>5</b>	<b>16</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>120</b>

POR RELACION ANO 2011

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC	TOTAL
Persoa con discapacidade	2	3	5	2	1	6	1	3	2	5	1	4	35
Familiares	10	9	10	2	9				3		2		45
Amigos/ Veciños													
Profesionais													
Voluntarios													
Outros	3	10	8	1	6	4	3	2	1		2		40
<b>Total</b>	<b>15</b>	<b>22</b>	<b>23</b>	<b>5</b>	<b>16</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>120</b>

## 2.-Voluntariado

O proxecto de voluntariado desenvólvese en colaboración coa COGAMI

Os servizos que presta ADISBISMUR son os seguintes:

- Tramitación e xestión dos protocolos de voluntariado
- Información e asesoramento en temas de voluntariado
- Formación aos voluntarios
- Entrevistas ás persoas que queren participar como voluntarias
- Reunións con grupo de voluntariado

ADISBISMUR conta con tres persoas voluntarias fixas, e con colaboradores eventuais, pero a maioría dos traballadores da Asociación realizan tarefas de voluntariado fora do horario de traballo.

### **3.- Formación**

#### **Curso de Viveirista**

Foi impartido por ADISBISMUR ,este curso comenzo o dia 19 de setembro de 2011 e rematou o 11 de outubro. Foron un total de 85 horas e asistiron 15 persoas con discapacidade intelectual pertencentes aos concellos de Muros, Mazaricos, Carnota , Outes e Noia.

Os modulos que se impartieron foron :

Preparación de sustratos e fondos de plantación

Identificación de plantas

Reproducción por sementes

Rego e aboado

Manexo e cultivo de plantas en viveiro

Preparación , acondicionamento e venda de plantas

Este curso foi subvencionado pola Consellería do medio Rural

#### **Curso de Informática a Distancia**

Este curso foi realizado por unha persoa con mobilidade reducida do concello de Outes no centro de Valadares . Foi impartido por profesionais da COGAMI a traves de Internet e os exercicios remitíanse por correo electrónico. Tódolos días había unha titoria cos profesores

#### **Curso multidisciplinar para o coidado de persoas dependentes**

Foi organizado por U.S.C. E ACEM os días 6,7 e 8 de maio, tivo unha duración de 30 h. e o mesmo asistiron tres monitores do centro de recursos de Valadares

#### **Curso TIC TAC das tecnoloxías da información**

Este curso realizouse en Santiago o 6 de abril, foi organizado pola Xunta de Galicia asistiu un monitor de Valadares, tivo unha duración de 4 horas e estaba baseado nos accesos adaptados e alternativas o ordenador.

## **Acción formativa de redes sociais,outras ferramentas 2.0 e Ticmovil**

Esta acción formativa foi organizada pola COGAMI, tivo unha duración de 7 horas lectivas, realizouse en Santiago o día 6 de xullo, asistiron dous monitores de ADISBISMUR, e impartíronse os seguintes módulos.

- Introducción a redes sociais
- Definición, evolución e obxectivo dunha rede social
- Orixe das redes sociais
- Teoría dos seis grados de separación
- Identidade dixital
- Tipos de redes sociais
- A comunicación mediante as novas ticmóviles

### **4.- Servizo de Integración Laboral (SIL)**

ADISBISMUR presta este servizo por medio da COGAMI, que envía un profesional, para que entreviste e asesore as persoas con discapacidade da bisbarra que así o soliciten co fin de falicitar a súa inserción laboral.

No ano 2011 realizáronse 18 entrevistas , para a búsqueda de emprego: 9 de Muros, 3 de Carnota, 4 de Outes ,2 Mazaricos e tamén se entrevistaron a 18 persoas para a actualización dos seus expedientes.

Incorporáronse as listas do SIL da COGAMI ,1 persoa de Carnota, 1 de Muros, 2 de Outes e 1 de Mazaricos

Visitáronse 9 empresas da comarca, captáronse 14 ofertas de traballo e insertáronse laboralmente ,no ano 2011, a 34 persoas con discapacidade.

## 5.- Actividades Centro de Recursos de Valadares

### ALFABETIZACIÓN

Esta actividade ten como obxectivo xeral planificar, analizar e avaliar procesos de ensinanza-aprendizaxe para persoas con discapacidade desenrolando actitudes favorables para o perfeccionamento permanente.

Esta actividade comenzouse en xaneiro e finalizou no mes de decembro. Os 33 usuarios foron persoas adultas, con discapacidade intelectual, maiores de dezoito anos, que están repartidos en 2 grupos. Un primeiro formado por 16 usuarios que asisten de dez a once da mañá e un segundo grupo formado por 17 usuarios que asisten de once a doce da mañá.

A meta que perseguimos é que os usuarios cheguen na medida do posible a ser AUTÓNOMOS, polo tanto debemos ter en conta enfoques constructivistas, activos e participativos nos diversos aprendizaxes dentro da actividade. En liñas xerais resumiríase a actividade da seguinte maneira: ACTIVIDADE E MOTIVACIÓN, INDIVIDUALIDADE, AUTONOMÍA E SOCIALIZACIÓN.

ACTIVIDADE E MOTIVACIÓN : Trátase de estimular e motivar na medida do posible a capacidade de comprensión para a realización de distintos exercicios referidos as diferentes materias básicas da aprendizaxe da ensinanza básica, aumentando na medida do posible o grao de complexidade:

- GALEGO: falamos e escribimos en galego, compaxinando co castelán.
- LINGUA ESPAÑOLA: ortografía, capacidade de comprensión e resume, así como o inicio a sintaxis e morfoloxía.
- COÑECEMENTO DO MEDIO: coñecemento das distintas autonomías e as súas provincias.
- MATEMÁTICAS: sumas, restas, multiplicacións, divisións, problemas e outros exercicios relacionados ca matemática.

MOTRICIDADE: traballo de fichas de caligrafía, aumentando en complexidade.

INDIVIDUALIDADE: trato individual a cada usuario para poder traballar as necesidades e o grao de coñecemento que presenta cada un.

AUTONOMÍA : lograr que reforen a sua autonomía persoal a través das actividades que fomentan a autonomía e a creatividade.  
SOCIALIZACIÓN : manter un nivel de aceptación e concordia co grupo dentro da aula.

### **Logros acadados:**

Con 2 usuarios traballamos a grafía do seu nome, e o recoñecemento dos números do 1 o 9.

Con 7 persoas trabállase a motricidade fina (nivel moi baixo).

3 persoas recoñecen e identifican a grafía dos números e letras, mediante exercicios de asociación. Copian textos cortos.

Con 13 trabállanse operacións matemáticas sinxelas. Tamén traballan a comprensión e lectura de textos sinxelos.

Con 8 trabállanse en termos mais amplos conceptos e procesos básicos das distintas materias .

## **INFORMÁTICA**

A utilización das novas tecnoloxías na rehabilitación ou reinserción social de persoas con discapacidade implica unha mellora notable na súa independencia e autonomía persoal. Adquirindo así unha mellor calidade de vida.

O obxectivo xeral desta actividade é o uso do ordenador como ferramenta de aprendizaxe, e búsqueda de información, entendemento e desenrolo de destrezas tecnolóxicas necesarias: manexo do rato, encendido do ordenador, abrir e cerrar carpetas, gardar información.

Os obxetivos específicos son:

Estimulación da capacidade viso-motora e psico-motora dos usuarios co fin de favorecer o desenrolo da lectoescritura a lóxica matemática e a creatividade (puzles, xogos, etc)

Recoñecer as partes básicas do ordenador

Lograr o dominio do rato usándoo para seleccionar opcións (escritura, debuxo) na medida das posibilidades do usuario.

Reforzar a iniciativa traballando con xogos e programas creativos, cos que o usuario pode expresarse, crear e tomar decisións para obter un ou outro resultado.

Adquisicións de destrezas e habilidades de psicomotricidade fina

Aplicar a coordinación viso-manual necesaria para o uso do rato e o teclado.

Esta actividade impártese 5 horas semanais e os 33 usuarios asisten en dúas quendas, en horarios de 10:00 h. a 12:00 horas.



Destes 33 usuarios logramos que no ano 2011, 14 saiban poñer a funcionar o programa e realicen textos de word, 7 saiban encender e apagar ,sen axuda, o ordenador e 12 saiban encender, apagar e buscar o programa de traballo.

## **HABILIDADES SOCIAIS**

Dende que iniciamos estas actividades estamos moi satisfeitos cos resultados e progreso dos usuarios , moitos deles, que carecían de habilidades básicas como poden ser, vestirse, afeitarse, aseo persoal, e limpeza do fogar, foron avanzado ata conseguir facer estas tarefas con total autonomía.

Participaron nestas actividades 30 persoas, e a súa duración foi de 135 horas . Desenrolaronse as seguintes:

### **MANEXO DE CARTOS**

Esta actividade está dirixida a aquelas persoas que requiren un apoio máis individualizado, co obxecto de fomentar as habilidades e capacidades da persoa. O obxectivo xeral é ensinar ós usuarios o manexo do euro:Coñecemento de moedas e billetes, iniciación ó cálculo, valor dos cartos,etc.

Os obxetivos específicos son: Adquirir as habilidades, destrezas e coñecementos básicos necesarios para desenvolverse con autonomía nesta tarefa, estimular as capacidades cognitivas co fin de manter as funcións mentais e frear o seu deterioro,aumentar as habilidades do usuario co fin de lograr a súa máxima independencia, etc.

Dos 21 usuarios que participan nesta actividade logramos que 5 deles comece a coñecer as moedas con dificultade, 10 coñecen as moedas e os billetes, 5 logran ir a comprar pero pagan cos cartos xustos, non miran as voltas e 1 conseguiu pagar e mira as voltas, xa pode realizar a tarefa el só, aínda que para o vindeiro ano seguiremos reforzandoa

### **ATADO DE CORDONS**

O Obxectivo xeral: Aumentar e estimular as habilidades do usuario para o seu propio coidado persoal co fin de lograr a súa máxima independencia.O obxectivo específico é atar os cordóns dos zapatos. Esta actividade realizase unha hora cada semana e o material que empregamos consiste nunha táboa en forma de zapato con cordóns

Dos tres usuarios que asisten a esta actividade un xa sabe realizar a tarefa el só, outro xa logra cruzar os cordóns , e outro aínda está comenzando na actividade

### **LIMPEZA DE BAÑOS**

A limpeza dos baños nas instalacións do Centro de Recursos de Valadares realízana un total de 25 usuarios, os cales están repartidos en dúas quendas, os martes e xoves de cada semana, de 10 a 11 da mañá.

O obxectivo xeral é a Autonomía persoal, independencia e integración social .Os obxetivos específicos son:

- Participación activa na realización da actividade de limpeza de baños.
- Acadar unha maior destreza e habilidade e mostrar certo orde no momento de realizar a tarefa
- Fomentar o apoio, colaboración e igualdade entre compañeiros, facendo especial fincapé no traballo en equipo.

A actividade realízase co apoio, supervisión e guía do monitor/a, que estará presente para darlle as pautas necesarias. Segundo os casos, hai que ter en conta as limitacións na comprensión oral, percepción auditiva, ou outro tipo de discapacidade que o usuario presente.

Con 5 usuarios estase a traballar para que consigan unha maior destreza e habilidade na realización das tarefas de limpeza. Estes usuarios conseguen levar unha orde nas tarefas, teñen iniciativa e mostran unha aptitude positiva á hora de proceder á actividade.

Con 3 usuarios trabállase para que non perdan o hábito e destreza adquiridos na realización das tarefas de limpeza.

Con 6 dos usuarios trabállase para fomentar a iniciativa e unha maior participación nas labores de limpeza dos baños xa que non mostran interese nesta actividade.

### **AFEITADO**

Nesta actividade participan 6 usuarios, e impártese 1 hora semanal, os venres de cada semana.

.O afeitado forma parte do aseo persoal e axuda a mostrar unha boa imaxe, polo tanto, con isto lógrase unha maior autonomía e favorece a independencia da persoa, por este motivo o obxectivo xeral é a autonomía persoal e maior hixiene. Os obxetivos específicos son:

Fomentar a hixiene persoal.

Autocontrol no manexo da máquina de afeitado.

Perda do medo á hora de utilizar a maquinilla.

A actividade faise baixo a supervisión dun monitor, e dos 6 usuarios que a realizan, 2 afeitanse de maneira autónoma, 1 non mostra destreza e os outros necesitan supervisión do monitor

## TALLER DE CESTERIA

Este taller, que se imparte dende que comezou o Centro, demostrou que é un instrumento idóneo para o desenvolvemento de habilidades manuais, psicomotricidade fina, a máis dun excelente medio de aprendizaxe de habilidades laborais básicas.

O horario é polas tardes, de 15:00 h. a 17:00 h.

O obxectivo xeral é coñecer e usar o mimbres, útiles de traballo e técnicas manuais necesarias para o desenvolvemento de pezas de cestería. A este taller asisten 25 usuarios, repartidos semanalmente en tres grupos pola tarde.

A actividade dou comenzo en xaneiro. Estes grupos van rotándose con outros talleres: cerámica e viveirismo. O xeito de repartir os grupos é por orde alfabético dos seus apelidos, facendo grupos de igual número de usuarios.

Nas fichas individuais de traballo de cada usuario, analízase de maneira moi simple o que se fai no taller, abarcando dende a chegada ó taller e preparación do material para o inicio da actividade, ata que se acaba cada sesión e se deixa todo en orde para a seguinte. Os obxetivos específicos de cada taller son:

Aumentar a autoestima a través da valoración dun traballo feito coas propias mans.

Adquirir hábitos e normas dentro do taller (limpeza e orde no taller).

Organizar actividades e crear servizos de tipo ocupacional, laboral, educativo, cultural e lúdico acorde ó taller de cestería.

Activar habilidades de comunicación interpersonal e de axuda entre os compañeiros.

Darlles nocións básicas sobre a confección de pezas de mimbres, a diferenciación dos distintos grosos de mimbres, e o proceso de elaboración de pezas dende as máis sinxelas ata as máis complexas. Adquisición de seguridade e autonomía persoal na realización dos traballos.

Dos 25 usuarios que asisten a este taller, os resultados alcanzados, en xeral foron:

Autonomía na limpeza e orde do taller.

Maior diferenciación do grosor do mimbre.

Melloraron no traballo cunha guía.

Manifestan maior grao de implicación neste taller con respecto a os outros.

Colaboración coa venda dos cestos.

## **TALLER DE CERÁMICA**

O horario é o mesmo que o taller de cestería.

A importancia deste taller céntrase na posibilidade de dar aos participantes unha formación laboral básica, atendendo as normas de puntualidade, constancia, etc, típicas da actividade laboral. Ao mesmo tempo tamén se forman nas distintas técnicas de traballo co barro, ademais de aproveitar as características do mesmo para favorecer a destreza manual e fomentar a iniciativa persoal e a capacidade creativa. Os obxetivos principais deste taller son:

Formación laboral básica: Este é o obxectivo principal do taller, trátase de que os asistentes ao mesmo adquiran os hábitos dun traballo convencional como son: cumprimento de horarios, puntualidade, constancia, atención, rendemento, etc; e atendendo tamén ao cumprimento de normas básicas de seguridade e hixiene no traballo como: orde, limpeza, etc.

Formación laboral específica de cerámica: Aprendendo distintas técnicas de traballar co barro: churros, pranchas, moldes, torno, escultura, esmaltado, etc., e tamén a utilización das distintas máquinas que se usan neste traballo: laminadora, galletera, prensa, forno,...

Motricidade fina: Igualmente, aproveitase a textura do barro e a formación e pegado dos churros e pranchas para traballar a motricidade fina coas persoas que teñen dificultades de movemento.

Socialización: Ademais foméntase a socialización, ao traballar en equipo e compartir xornadas cos nenos das escolas da comarca.

Iniciativa persoal e fomento da creatividade: foméntase tamén a creatividade e a toma de decisións tanto a hora de deseñar como de elexir o deseño e a decoración das súas propias pezas de cerámica.

A este taller asisten 29 usuarios, na avaliación que se fixo ao final do ano foi que:

Todos os usuarios usan de forma segura a utillaxe do taller, pero no referente as máquinas (galletera, laminadora, prensa, muiño, forno), soamente un 56% dos asistentes son capaces de usalas de xeito adecuado e de forma segura, sempre coa supervisión do monitor.

En canto ó tema da limpeza: un 25% realiza a limpeza do material e do lugar de traballo de forma correcta, un 26% necesita supervisión constante e guía; e o restante 49% faíno de forma aceptable con pequenas chamadas de atención.

Atendendo a adquisición de hábitos laborais (cumprimento de horarios, puntualidade, constancia, atención, etc), un 45% usan o taller como un lugar de traballo de forma aceptable, e o 55% restante necesita mellorar esta área.

En canto a formación específica en cerámica conseguimos que 4 usuarios se iniciaran no traballo co torno, aínda que polo momento ningún deles conseguiu realizar o centrado do pelouro sen axuda.

Por medio da técnica de churros os alumnos realizan todo tipo de pezas, usando unha torneta sobre a que primeiro se crea unha base á que se van superpoñendo e pegando os churros de pasta cerámica dándolle forma á peza. Con esta técnica 4 usuarios son capaces de construír unha peza aceptable de forma autónoma, unicamente cunha pequena supervisión e corrección final, 12 necesitan mellorar na realización e colocación dos churros e os restantes, a maioría persoas con graves problemas tanto de mobilidade como de coordinación ou concentración, aínda non teñen adquirida a destreza suficiente para a creación dos churros.

- Coa prensa iniciáronse 9 persoas que colaboran na elaboración das pezas con indicacións e supervisión continua do monitor.

- Outras técnicas coas que se están traballando son a de moldes e pranchas, combinando as dúas na elaboración de tellas, primeiro fanse as pranchas na laminadora e despois pásanse os moldes de presión. Neste traballo iniciáronse tamén 9 persoas pero, aínda que si conseguen facer as láminas e aplicarlas ao molde ningún é capaz de darlle un acabado aceptable.

## TALLER DE VIVEIRISMO

O horario foi pola mañá de 11:00 a 13:00 e pola tarde de 15:00 a 17:00

No taller de viveirismo preténdese que os usuarios adquiren coñecementos e habilidades que lles axuden a súa formación e incorporación ó mundo laboral, así como tamén contribuír a acadar unha maior independencia e autonomía persoal.

Ó taller asiste un grupo de 33 usuarios , estes están repartidos en tres equipos de traballo, fanse quendas e van rotando cada semana.

O obxectivo xeral é a formación, inserción laboral e autonomía persoal.

Na formación ocupacional traballamos técnicas e practicas de viveiro para conseguir:

- Contribuír á formación dos coñecementos para realizar os traballos do viveiro.
- Aprender a identificar e a clasificar as distintas especies de plantas do viveiro.
- Fomentar a aprendizaxe da utilización e coidado das ferramentas do taller.
- Concienciar e motivar ó usuario no respecto o medio ambiente e ó entorno.

En relación cos hábitos de traballo :

- Contribuír á adquisición de hábitos de traballo (horario, orde, responsabilidade etc.)
- Potenciar a toma de decisións.
- Continuidade nas tarefas asegurando a calidade e a produtividade do traballo.

No ámbito das habilidades sociais e relacións interpersonais :

- Fomentar o traballo en equipo e a colaboración entre compañeiros.
- Favorecer a autoestima e estimular a creatividade e a motivación.

Para acadar estes obxectivos, o centro conta cunhas instalacións onde se atopan os invernadoiros e o taller.

No taller trabállase a mestura de sustratos e abonos orgánicos. Con está mestura realizase o transplante e plantado.

As ferramentas que se utilizan son as básicas de

xardinería,(carretilla, diferentes tipos de palas, tesoiras,rastrillo ,

sacho etc...) dependendo da habilidade e destreza que o usuario acade utilizará ferramentas de máis dificultade.

Nos distintos invernadoiros dásele ás plantas o coidado axeitado para contribuír ó seu crecemento, deste xeito ó usuario resúltalle máis doada a identificación da especie.

Fanse saídas con pequenos equipos de traballo para apañar sementes autóctonas da zona, as cales serven despois para que se recoñeza a planta correspondente á semente.

Tres días a semana realízanse saídas os invernadeiros de Carnota nos cales se fai un mantemento das distintas especies que alí se atopan, con estas saídas o que se intenta é que o usuario adquira un hábito de traballo e responsabilidade. Con esta iniciativa tamén se fomenta a colaboración e o traballo en equipo.

Para o tratamento e fertilizante de crecemento das plantas do viveiro e das verduras e hortalizas da horta utilizamos purin de ortiga, contribuíndo así cun tratamento ecolóxico e respetuoso co medio ambiente.

Coa intención de estimular a creatividade, motivación e favorecer a autoestima, inténtase implicar ó usuario no coidado dalgunhas especies da horta, (tomates, pementos, repolos etc...) dándolle a oportunidade de responsabilizarse da planta e da produción e recolleita do seu froito.

Os logros acadados son os seguintes:

Con un grupo de 11 usuarios trabállase a mestura de sustrato e abono, transplante e plantado das especies do viveiro e a multiplicación por esqueixe, lograse que realicen o traballo eles sos despois de que o monitor lles dea as pautas a seguir, tendo que supervisar tamén o remate final da laboura.

Con 6 dos usuarios trabállase para conseguir que acaden uns coñecementos básicos en traballos de viveiros, realizando os mesmos coa constante supervisión e guía do monitor.

Con 11 usuarios é necesaria a atención constante do monitor xa que, se traballa a iniciativa, concentración e atención na tarefa que se intenta realizar con eles. Para a súa motivación dáselle pequenos traballos que non supoñan moito esforzo e que sexan de pouca dificultade.

Un grupo de 5 usuarios teñen adquiridos moitos coñecementos de técnicas e prácticas de viveiro e pódenselle dar traballos para que realicen sen supervisión.

Contribúese para aportarlle novos coñecementos e asegurar unha continuidade e calidade no traballo.

O traballo en equipo e a colaboración entre os compañeiros son conceptos que se fomentan en todo momento nas actividades do taller, como tamén o respecto polo medio ambiente .

## **ACTIVIDADES DE REHABILITACIÓN**

### **FISIOTERAPIA**

Este servizo constitúe un tratamento rehabilitador de cara a unha maior independencia funcional físico -motora, deter ou minimiza-los procesos dexenerativos, estimula-la melloría das posibilidades de movemento e autonomía persoal, potencia-las capacidades residuais e loitar contra as secuelas da inactividade.

O horario era de 10:00 h a 14:00 h e de 15:00 h a 17:00 h, de luns a venres. Nesta actividade hai 10 usuarios, con cada un trabállase de forma individual diversos aspectos de rehabilitación según a discapacidade e necesidades de cada un. De maneira xeral diremos que hai uns obxetivos comúns como poden ser:mellorar o equilibrio, coordinación e motricidade fina,reeducar a marcha,fortalecer a musculatura,correxir alteracións posturais, etc.

### **LOGOPEDIA**

Este servizo préstase de luns a venres, de 10:00 h a 13:30 h, e de 15:00 h a 17:00 h. para todos os usuarios con dificultades de fala e expresión.A esta actividade asisten 14 usuarios que teñen problemas de comunicación. Con cada usuario trabállanse diferentes aspectos según a problemática específica de cada un. De maneira xeral diremos que buscamos implantar un sistema de comunicación aumentativo e alternativo.Algún dos aspectos que se traballan son:traballar a correcta articulación dos fonemas alterados, incrementar o vocabulario e letras que non teñen adquiridas,correxir fonemas alterados, mellorar a fluidez verbal, etc.



## OUTRAS ACTIVIDADES DO CENTRO

### TALLER DE TEATRO

Ó taller asiste un grupo de 31 usuarios, están repartidos en tres grupos, cos que se traballa tres días a semana, martes xoves e venres unha hora cada grupo de 12:30 a 13:30, a actividade realizase na aula de teatro.

A participación no taller é activa e todos os usuarios se mostran moi participativos.

#### OBXECTIVOS XERAIS:

- Estimular a imaxinación e a creatividade, desenrolando a intelixencia para permitir á persoa unha maior autonomía, facilitándolle as relacións interpersoais e a integración social.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Fomentar as habilidades de carácter social, interpersoais (traballar en grupo, relacionarse cos compañeiros, entrar en colaboración con outras asociacións, grupos etc.)
  - Potenciar a imaxinación e a creatividade.
  - Buscar o afán de superación comprometéndose cos obxetivos fixados e co grupo de traballo do taller.
  - Estimular a capacidade expresiva verbal e corporal.

No taller de teatro desenrolanse actividades de expresión corporal, estes métodos axúdanlle ó usuario a mostrar a súa personalidade e a favorecer a autoestima.

É o medio axeitado para expresar sensacións, sentimentos, emocións e pensamentos.

Tamén se usan técnicas de sensopercepción, que se basean no descubrimento dos sentidos, visual, auditivo, olfativo e sensitivo.

Búscase un desenrolo da imaxinación e da creatividade, que se leva a cabo realizando pequenas sesións de diferentes terapias e exercicios como: musicoterapia, bailoterapia, exercicios rítmico- corporal, e xogos que lles axudan a incrementar as habilidades psicomotrices.

Por medio da voz expresamos sentimentos cos nosos semellantes.

Para estimular a capacidade expresiva verbal, realizamos exercicios de voz como: vocalización, respiración ou entoación.

Estes exercicios axúdanlles a vocalizar dunha maneira máis correcta, a controlar a respiración e a relaxarse, como tamén lles permite ter unha entoación e un ritmo axeitado a hora de expresar as accións e sentimentos no momento de dar paso as actuacións teatrais.

Dentro do taller realízanse unha serie de actividades que, nos permiten acadar resultados que nos levan a unha maior satisfacción para o desenrolo do taller, como poden ser:

- A confección de traxes e accesorios de vestiario para a posta en escena.( disfraces, chapeos, colares...etc.)
- A construción de escenarios para a representación das obras.
- A realización dun programa teatral, invitacións, carteis etc.

No transcurso do ano 2011 a asociación ADISBISMUR realizou co taller de teatro diferentes actividades como foi, a rodaxe dunha curtametraxe para **participar no VI Certame Nacional de curtas `` Súbete al Corto ``** que organiza a **asociación de paralíticos cerebrais de Alacante A.P.C.A.** A curta, que leva por título ``**LOS CURRANTES** ``está baseada nos resultados que se obtiveron co taller de teatro e a súa traxectoria polos diferentes concellos limítrofes.

Para os usuarios esta experiencia foi realmente gratificante, no sentido de que, o seu esforzo tesón e traballo fose resaltado máis ala da nosa comunidade autónoma.

A viaxe a Alacante foi moi positiva e enriquecedora, tanto para os profesionais que tiveron a oportunidade de viaxar, como para os usuarios. A posibilidade que se lles proporcionou de poder coñecer a outras persoas e asociacións, de diferentes puntos de España, que teñen unha relación moi preta co mundo do teatro e do cine dentro das súas asociacións foi, un punto moi importante a ter en conta xa que,tiveron a oportunidade de coñecer e compartir experiencias e anécdotas, que nos levan á que, vaia en aumento a participación neste tipo de certames e actividades.

Por outra banda o grupo de teatro de Valadares **participou na V Mostra de Teatro Xosé Agrelo**, coa representación dunha obra teatral titulada ``**A MOA** ``

A obra foi levada a escena por un grupo de trece usuarios. A representación realizouse nas instalacións da Casa da Cultura de Muros, para o público infantil do Colexio Ramón de Artaza.

A asociación ADISBISMUR **asistiu ó 1º Festival de Arte e Discapacidade** organizado pola **Fundación Anade**.

Este festival tivo lugar nas instalacións da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

Alí tivemos a oportunidade de participar nas diferentes actividades e espectáculos que estaban organizados para fomentar a creación artística deste colectivo.

A asociación tivo a oportunidade de **asistir a primeira xornada de teatro interactivo para persoas con discapacidade intelectual, física e sensorial**.

**Esta xornada tivo lugar no CENTRO GALLEGO DE ARTE CONTEMPORANEO** pola compañía de teatro de Blanca Marsillach.

Con motivo do 2º Festival Benéfico ADISBISMUR ,os usuarios do Centro realizaron unha labor sen precedentes valorado pola súa creatividade, traballo e esforzo.

Levando a cabo a representación dunha obra de teatro, que foi escrita por unha usuaria do centro.esta mesma persoa tamén interpretaba un dos papeis principais da obra.

A preparación dun espectáculo musical a ritmo de merengue por 7 usuarios e dúas monitoras.

A elaboración de varias coreografías musicais preparadas por os monitores /as e usuarios, pon de manifesto a gran capacidade artística e creativa que presentan estas persoas.

O resultado obtido con todas estas actividades o longo do ano deixa claro que, o teatro a música e todas aquelas actividades relacionadas coa creatividade e a imaxinación,contribúen o desenrolo persoal incrementando a confianza na persoa , axudando a descubrir cambios nas súas habilidades e aptitudes e permitíndolle unha mellora nas relacións sociais.

## **DEPORTES E XIMNASIA DE MANTEMENTO**

En xeral tódolos usuarios teñen necesidade de facer exercicio físico, ben para reducir o sobrepeso, ou mellorar as súas condicións físicas e deste xeito mellorar a súa calidade de vida.

Esta actividade impártese os luns e mércores en horario de 12:00 a 13:00 h.

## **NATACIÓN**

Esta demostrado os beneficios para a saúde que produce esta actividade. Ademais, en xeral gústalle a todos os usuarios e usuarias. Esta actividade realízase os luns, martes e mércores de 12:00 a 14:00 h. na piscina municipal de Outes

## **Excursións, saídas e outras actividades de lecer**

7-03-11 Percorrido por Outes cos disfraces realizados polos rapaces

.

17-3-11 Visita a cidade da cultura

28-4-11 Representación da obra de teatro realizada por alumnos de Valadares no centro de día de Outes

29-4-11 Asistencia a representación da obra de teatro TALIA na casa de cultura de Muros

4-5-11 Representación da obra de teatro dos alumnos de valadares na casa de cultura de Muros para alumnos de EXB

24-5-11 Saída para facer o camiño de Santiago alumnos de Valadares, regresarian o día 27 de maio

4-6-11 Asistencia a pesca en Val do Dubra invitados pola asociación AVANTE

14-6-11 Excursión a Boiro a praia e visita ao pobo

22-6-11 Excursión a praia de Boca do Rio en Carnota

24-6-11 Saida polo paseo de Muros

27-6-11 Excursión a praia de mar de Lira en Carnota

28-6-11 Saida para Alacante a presentación do concurso de cortos onde quedamos finalistas, regreso o día 2 de xullo

7-7-11 Asistencia as xornadas deportivas de baloncesto con AMBAR en Ribeira

8,9,10-7-11 Asistencia a feira "Muros mira o mar" levando produtos do centro de Valadares

13-7-11 Churrascada no paseo fluvial de Outes, coa presenza de varios alcalde da bisbarra

20-7-11 Actividade de vela en Camariñas

21-7-11 Excursión a Camariñas e actividade de vela

28-7-11 Excursión a Cerceda o parque acúatico

8-8-11 Percorrido dende Camariñas a Muros no iate Laion

9-8-11 Percorrido pola ria de Muros no iate Laion

14-8-11 Asistencia o mercado solidario de Camariñas con produtos dos talleres de Valadares

29-9-11 Asistencia a festa de San Campio en Outes

16-10-11 Xornada de pesca en Muros

28-10-11 Asistencia ó I congreso festival de arte e discapacidade en Santiago

9-11-11 Asistencia ó teatro interactivo para estudantes e xóvenes con discapacidade en Santiago

15-11-11 Xornadas deportivas en Outes coas asociacións AMBAR, AVANTE e STAND

16-12-11 Representación do 2º festival benéfico na casa de cultura de Muros coa colaboración das escolas de musica de Muros e Carnota

23-12-11 Festa de Nadal coa visita de Papa Noel ós usuarios do centro de Valadares no centro social de Outes

## **REUNIONS TEMAS ADMINISTRATIVOS 2011**

2-02-11 Reunión coa concellala de promoción económica do concello de Muros para falar dun posible convenio para levar a limpeza da piscina

3-02-11 Asistencia a presentación no concello de Carnota do congreso MODELO

7-02-11 Reunión no concello de Outes co Sr. alcalde para tratar temas de cerámica

10-02-11 Asistencia os encontros con entidades de acción voluntaria no albergue xuvenil de Gandarío

11-02-11 Asistencia a presentación do programa electoral do partido popular en Ferrol

14-02-11 Reunión na Consellería de Medio Rural para tratar temas de subvencións

16-02-11 Reunión no colexio de EXB de Louro coa Fundación Paideia

18-2-11 Asistencia a conferencia almuerzo en Forum Europa coa Conselleira de traballo, no Hostal dos Reis Católicos

18-2-11 Reunión en Santiago co responsable da unidade de coordinación de dependencia para tratar tema dos centros de recursos

3-03-11 Acompañamento na visita dos responsables de servizos sociais da Deputación para ver a accesibilidade do concello de Muros

8-03-11 Reunión co alcalde de Outes para tratar temas de mantemento do centro de Valadares

18-3-11 Reunión de traballo do movemento asociativo convocada por cogami en Santiago

24-3-11 Inauguración dos invernadoiros de Carnota ,cedidos polo concello,e o equipamento en viveirismo, subvencionado pola Deputación, asistencia do responsable de S.sociais da Deputación , e alcaldes de Muros e Carnota

25-3-11 Visita o centro de Valadares dun colexio da Pobra

25-3-11 Reunión coa traballadora social do centro médico de Muros para darlle a coñecer a laboura que realiza ADISBISMUR

29-3-11 Escola de pais no centro de Valadares  
5-4-11 Reunión coa empresa CONVERSIA para tratar o tema de protección de datos  
6-4-11 Asistencia a assemblea da Federación de A Coruña  
8-4-11 Asamblea ordinaria e extraordinaria de ADISBISMUR  
12-4-11 Reunión coa directora do centro de día de Outes para tratar temas de actividades conxuntas  
16-4-11 Asistencia a assemblea de cogami en Santiago  
20-4-11 Reunión coa asociación STAND de Noia para tratar temas económicos e de actividades conxuntas  
2-5-11 Reunión en Carnota coa directora da escola de música, para tratar temas de colaboración para realización dun curso de musicoterapia para alumnos de Valadares  
6-5-11 Reunión coa traballadora social de Noia para falar temas referentes a expedientes de dependencia do centro de valadares  
10-05-11 Asistencia o centro de Valadares da directora e unha profesora da escola de música de Carnota para facer un curso de musicoterapia  
13-5-11 Reunión coa traballadora social de Noia para tratar temas de dependencia e prazas do centro  
16-5-11 Inauguración da nova oficina cedida polo concello de Muros a ADISBISMUR  
19-5-11 Visita ao colexio de primaria de Outes para impartir un obradoiro de cestería  
25-5-11 Asistencia a assemblea de Deloa en Padrón  
26-5-11 Asamblea do GDR da Costa de Morte  
27-5-11 Clausura do curso de informática realizado no concello de Outes pola COGAMI coa asistencia do alcalde  
6-6-11 Visita do colexio do Cruceiro de Roo (Outes) o centro de Valadares para facer obradoiros de cestería e cerámica  
9-6-11 Reunión co alcalde de Outes para tratar pedidos de cerámica  
13-6-11 Visita do colexio do Cruceiro de Roo o centro de Valadares para facer obradoiros nos talleres  
17-6-11 Reunión coa comisión de obras da Xunta en Valadares  
17-6-11 Reunión no Centro Social de Outes para tratar temas de actividades  
18-6-11 Asistencia as Xornadas sobre xardinería de baixo custo para tempos de crise en Silleda  
21-6-11 Reunión en Culleredo con GRAFOPLAS para tratar temas de traballo en imprenta  
23-6-11 Fisioterapia no parque , actividade conxunta entre o centro de Valadares e o centro de día de Outes

28-6-11 Fisioterapia no parque , actividade conxunta entre o centro de Valadares e o centro de día de Outes

5-7-11 Fisioterapia no parque , actividade conxunta entre o centro de Valadares e o centro de día de Outes

13-7-11 Reunión coa area asociativa de COGAMI en Muros

15-7-11 Reunión en Santiago en COGAMI para tratar temas do borrador do decreto da nova carteira de s. sociais

18-7-11 Reunión cos representantes do concello de Muros

19-7-11 Actividade de fisioterapia no parque de Outes xunto cos usuarios do centro de día de Outes

22-7-11 reunión co alcalde de Outes para tratar temas de cerámica

1-8-11 Exposición dos traballos feitos nos talleres do centro de Valadares ,no centro social de Outes

1-8-11 Asistencia a inauguración do edificio do concello de Outes

31-8-11 Reunión na COGAMI para falar temas do centro de recursos

5-9-11 Reunión co alcalde de Outes para tratar temas de xardinería

12-9-11 Reunión en Santiago coa Conselleira de Traballo e Benestar para presentación da carteira de s. sociais de atención as persoas dependentes

15 -9-11 Reunión cos pais dos alumnos no centro de Valadares

29-9-11 Reunión con representantes de partidos políticos en Muros

3-10-11 Reunión con PRODEMAR para pedir colaboración económica

3-10-11 Reunión coa concellala de s. sociais de Muros para tratar o tema do transporte adaptado

3-11-11 Reunión no centro social de Outes para falar dun curso de cuero

7-11-11 Visita da inspección de AGADER o centro de Valadares

11-11-11 Reunión na casa de cultura de Outes para tratar temas da organización do ano do Poeta Añón

22-11-11 Reunión en Valadares coa asociación AVANTE para tratar temas de viveirismo

22-11-11 Reunión no concello de Carnota programa novos horizontes do GDR da costa da morte

25-11-11 Reunión en Santiago para tratar temas dos procesos do sistema de xestión de calidade nos centros de recursos

29-11-11 Asistencia o congreso de voluntariado

1-12-11 Asistencia a clausura do congreso de voluntariado

2-12-11 Reunión cos traballadores sociais dos concellos de Muros, Outes, Mazaricos , Carnota e centro médico de Muros

20-12-11 Reunión coa concellala de servizos sociais do concello de Muros para falar temas de transporte adaptado

21-12-11 Asistencia a Asamblea DELOA en Padrón



22-12-11 Reunión cos pais dos usuarios do centro de Valadares para falar do tema do transporte adaptado no concello de Muros

29-12-11 Reunión coa alcaldesa de Muros e concellala de s. sociais para falar o tema do transporte, asistiron os pais dos usuarios que usan este transporte

**ASOCIACIÓN ADISBISMUR**

**CONTA DE RESULTADOS EXERCICIO 2011**

	<u>NOTA</u>	<u>(Debe) Haber</u> <b>2011</b>	<u>(Debe) Haber</u> <b>2010</b>
<b>1.Ingresos da entidade pola actividade propia</b>	11.6	<b>375.341,00</b>	<b>377.805,40</b>
a) Cota de afilados e usuarios		48.763,16	37.357,04
b) Ingresos de promocións , patrocinadores e colaboracións		14.290,30	4.073,42
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectas á actividade propia		312.287,54	336.374,94
<b>2. Axudas monetarias e outros.</b>	11.1	<b>- 342,57</b>	<b>- 360,92</b>
a) Axudas monetarias		0,00	0,00
b) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		-342,57	-360,92
<b>3. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil</b>	11.7	<b>4.200,00</b>	<b>25.887,68</b>
<b>6. Aprovisionamentos</b>	11.2	<b>-12.545,97</b>	<b>-4.143,76</b>
<b>7. Outros ingresos de explotación</b>		<b>50,52</b>	<b>933,95</b>
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		50,52	933,95
<b>8. Gastos de persoal</b>	11.3	<b>- 252.791,03</b>	<b>-256.749,51</b>
a) Sueldos , salarios e asimilados		-194.589,61	-195.193,71
b) Cargas sociais		-58.201,42	-61.555,80
<b>9. Outros gastos de explotación</b>	11.4	<b>-81.243,06</b>	<b>-95.001,51</b>
a) Servizos exteriores		-50.103,46	-41.968,21
b) Tributos		-252,02	-140,26
c) Pérdidas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais		-9,76	-0,01
d) Outros gastos en xestión corrente		-30.877,82	-52.893,03
<b>10. Amortización do inmovilizado</b>	5	<b>-50.704,17</b>	<b>-53.279,01</b>
<b>11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ó rtdo do exercicio</b>	12	<b>40.704,17</b>	<b>43.322,36</b>
a) Afectas á actividade propia		40.704,17	43.322,36
<b>13. Deterioro e resultado por enajenación de inmovilizado</b>		<b>0,00</b>	<b>12.547,68</b>
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>		<b>22.887,71</b>	<b>50.962,36</b>
<b>14. Ingresos financeiros</b>		<b>0,29</b>	<b>0,54</b>
b) DE valores negociables e outros instrumentos financeiros			
B2) De terceiros		0,29	0,54
<b>15. Gastos financeiros</b>	11.5	<b>-754,74</b>	<b>-2.354,19</b>
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas			
b) Por débedas con terceiros		-754,74	-2.354,19
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO</b>		<b>754,45</b>	<b>-2.353,65</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS ( A+ B)</b>		<b>22.133,26</b>	<b>48.608,71</b>
<b>19. Imposto sobre beneficios</b>		0,00	0,00
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO</b>		<b>22.133,26</b>	<b>48.608,71</b>